

PISCINA UNIVERSITARIA

NORMAS DE USO

1. **Idade mínima dos usuarios:** 6 anos para a práctica libre e a que se estableza en cada caso para as actividades dirixidas por monitorado autorizado.
2. Para a práctica libre é obrigatorio **saber nadar** (25 metros sen parar). Quen non cumpra este requisito só poderá aproveitar as instalacións realizando un cursiño de natación.
3. A capacidade máxima de utilización do vaso é de **104 usuarios**. A efectos de posibles masificacións poderase establecer un tempo máximo de permanencia no vaso da piscina de 45 minutos.
4. Está prohibida a entrada de animais en toda a instalación, agás cans guías.
5. Obrigación de atender as indicacións de socorristas, monitores e, en xeral, de todo o persoal da piscina (conserxaría, mantemento e limpeza).
6. **Acceso á instalación:** obrigación de presentar en recepción o documento acreditativo de usuario (tarxeta de usuario, entrada...).
7. Nas actividades programadas, o acceso aos vestiarios farase cunha antelación máxima de 15 minutos e, unha vez rematada a actividade, deberase abandonar a instalación, como norma xeral, dentro dos 20 minutos seguintes. No caso das actividades que finalicen á hora de peche do vaso, o tempo máximo de utilización dos vestiarios axustarase ao dispoñible ata o peche da instalación.
8. As persoas usuarias terán que ser autosuficientes para cambiarse nos vestiarios. Os pais ou acompañantes só poderán acceder ao interior dos vestiarios nos seguintes casos:
 - o Un acompañante (do mesmo sexo) cos usuarios das escolas de natación no primeiro día de cursiño.
 - o Os pais con fillos con algún problema físico ou psíquico que non lles permita desenvolverse por si mesmos fóra da auga, poderán solicitar un pase especial para acompañantes.
 - o Poderase autorizar o acceso ao vestiario dun acompañante (do mesmo sexo) para os grupos organizados con nenos menores de 8 anos.
9. Non está permitido fumar, beber, comer nin tomar goma de mascar nos vestiarios, na zona de duchas, de praia e de vaso da piscina. Tamén está prohibido acceder á instalación con envases de vidro ou metálicos.
10. Está prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo empregar as papeleiras e outros recipientes destinados para o efecto.
11. O Servizo de Deportes declara todos os espazos desta instalación **libres de fume**.
12. Está prohibido abrir fiestras ou manipular radiadores, só o poderá facer o persoal da instalación.
13. Está prohibida a entrada vestido e con calzado de rúa na zona de praia. Para cambiarse hai que utilizar os vestiarios. Haberá que gardar a roupa e o calzado de rúa no armario asignado. Por motivos hixiénicos está prohibido subirse aos bancos calzado. Recoméndase non traer obxectos de valor. Os armarios deben deixarse baleiros despois do seu uso, as chaves destes non poderán sacarse da instalación en ningún caso.
14. Hai que ducharse antes da entrada no vaso da piscina. Recoméndase usar xabón nesta 1ª ducha. Non se permitirá o baño ao usuario que puxese algún tipo de aceites ou cremas.
15. A apreciación por parte do persoal dalgún tipo de afección cutánea que se poida presumir infecto-contaxiosa, poderá supoñer a exclusión do usuario da utilización da instalación ata que presente un certificado médico que acredite que a alteración da pel que presenta non é transmisible.
16. **Material de uso obrigatorio:** traxe de baño, toalla (recoméndase unha exclusiva para os pés), gorro de baño (de uso permanente no vaso) e chanclas (tanto en vestiarios coma na praia).

17. Outro **material autorizado**: anteollos, tapóns para os oídos e pinzas para o nariz. O uso de calquera outro material poderá ser prohibido polo socorrista de non contar o usuario con autorización.
18. Na instalación existe un **material de uso libre** (táboas, pull buoys...), que poderá ser utilizado por calquera usuario, quen ordenará o material unha vez utilizado. Tamén existe un **material de uso restrinxido**: aletas, pas, etc., que hai que solicitarlle ao socorrista, quedando a criterio deste a conveniencia do seu uso.
19. A entrada á auga farase polas cabeceiras ou polas escaleiras situadas nas estaxes laterais. Logo de entrar o usuario debe seguir nadando o máis proximamente posible á corcheira da dereita, evitando pararse ou dar a volta. A única zona de descanso permitida dentro do vaso é a cabeceira, onde se deberá deixar sempre un espazo libre para permitir as viraxes ao resto dos usuarios.
20. **Non se permite entrar de cabeza pola cabeceira menos profunda, correr, empurrar e ningún tipo de acción que implique risco evidente. Avisarase ao socorrista cando se vaian facer prácticas de apnea ou mergullo.**
21. Ao rematar a actividade recoméndase ducharse e é obrigatorio secarse antes de pasar á zona de armarios para evitar o encharcamento continuo desta, polo que se recomenda levar a toalla e cousas de aseo (xel, xabón...) e deixalos nos bancos da praia da piscina.
22. A USC non se fará responsable de calquera tipo de incidencia acaecida como consecuencia directa do incumprimento dalgunha das normas anteriormente expostas. Os accidentes ou lesións que se ocasionen os usuarios na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
23. O incumprimento dalgunha destas normas será motivo suficiente para poder anular o documento acreditativo ou permiso correspondente.
24. Os usuarios terán á súa disposición unha caixa de suxestións para expoñer o que lles pareza pertinente co obxecto de colaborar na mellora do servizo. Para reclamacións presentarán instancia dirixida ao Vicerreitor/a de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.
25. A USC resérvase o dereito de modificar as presentes normas, sen previo aviso, cando as necesidades do servizo o requiran.